



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e nove de decembro de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o dous de decembro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción das actas, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o dous de decembro do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- ALTERACIÓN XURÍDICA DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO. CAMBIO USO DOTACIONAL.- Dáse conta ao Pleno do expediente en relación co inmovble inventariado baixo a denominación de Grupo Escolar, enclavado na parcela de referencia catastral 8750701NH9685S0001IW. Do mesmo preténdese a segregación de unha parcela de 584,75€, que linda ao Oeste coa Praza de España e co resto da finca matriz nos demais ventos, coa finalidade de implantar na mesma o Punto de Atención á Infancia, para elo deberá acordarse o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos para outro uso dotacional distinto. Todo elo, segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto Sr. López Vázquez.

Á vista da documentación obrante no expediente, e do disposto na lexislación aplicable, propónse ao Pleno o cambio de uso dos terreos incluídos no recinto do Grupo Escolar, para uso dotacional distinto, para o punto de atención á infancia, de conformidade co disposto no art. 42 da Lei 2/2010. Segundo o disposto no art. 150.6.b) ao tratarse de infraestruturas públicas, declárase a innecesariedade da licenza municipal de segregación.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A oportunidade queda xustificada, á vista de razóns de interese público, acreditadas na documentación técnica presentada, xa que o inmovible non se está usando, a carga que supón o mantemento de uns bens que non teñen uso público, e que as instalacións actuais do Punto de Atención á Infancia, non son as mais axeitadas para elo.

Á vista do proposta da documentación presentada, das razóns de oportunidade e conveniencia postas de manifesto, así como da lexislación aplicable e despois de unhas breves intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- O cambio de uso de construcións incluídos no recinto do Grupo Escolar, de unha parcela de 584,75€, que linda ao Oeste coa Praza de España e co resto da finca matriz nos demais ventos, coa finalidade de implantar na mesma o Punto de Atención á Infancia, polo tanto un uso dotacional distinto, de conformidade co disposto no art. 42 da Lei 2/2010. Segundo o disposto no art. 150.6.b) ao tratarse de infraestruturas públicas, declárase a innecesariedade da licenza municipal de segregación.
- Alterar a calificación xurídica do edificio, desafectando como ben para uso dotacional da ensinanza, que pasará a un uso dotacional distinto consistente no Punto de Atención á Infancia.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.
- Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno e remitirase á administración autonómica competente en materia educativa.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Despois da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos pon de manifesto que o seu grupo votará a favor da proposta, preguntando se hai algunha data prevista para elo. O Sr. Alcalde responde que a intención é que estivera listo para o vindeiro curso, agora que dependerá da axilidade da tramitación nos organismos competentes. Despois de un breve cambio de impresións e á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, cérrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

3.- MOCIÓNS.- De seguido procederase ao estudio, debate e votación da moción presentada polo Grupo Socialista.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

"O Concelleiro Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Mixto no Concello de Friol, en representación dos Concelleiros Socialistas no mesmo, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2. da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

INSTAR A XUNTA DE GALICIA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES PARA FREAR E PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO LOBO NO CONCELLO DE FRIOL.

Exposición de motivos:

No Concello de Friol é xa habitual atoparse coa nova dun novo ataque do lobo a animais das explotacións dos nosos veciños. Unha hora gando vacún, noutras cabalar, ovino, caprino... En definitiva tódolos gandeiros están expostos a sufrir perdas por mor dos ataques do lobo, que lonxe de remitir se intensifican no noso territorio nunha dinámica que non se está atallado convintemente.

O maior problema é o ataque do lobo aos animais dos gandeiros, pero se unha vez que esta situación non se puido evitar engadimos a lenta resposta, cando a hai, por parte da administración para compensar as perdas provocadas os propietarios dos animais padecen moito máis as consecuencias da situación.

O número de lobos que se asentan no territorio do noso municipio dende logo non é baixo e que provoca que a demanda de alimento sexa tamén alta. A evolución da sociedade do aproveitamento do territorio e outras circunstancias teñen provocado que o lobo non atope con facilidade alimento e presas no seu entorno natural e por iso se desplaza e ataca, na búsqueda de alimento, aos animais domésticos, nas proximidades das vivendas, etc.

Non apoñéndose á protección que esta especie precisa, si entendemos que é necesario unha regulación e un control sobre o desenvolvemento da mesma que dende logo revertirá de xeito positivo tanto na protección do lobo como na redución do impacto negativo que o mesmo ten nos seus arredores.

Anque a situación actual probablemente requira dun control e posible redución do número de exemplares non deixa de ser unha solución coxuntural e que podería terse evitado coa implantación de outros mecanismos de actuación sobre o comportamento natural dunha especie salvaxe e depredadora como é o lobo.

A falta de medidas concretas e adecuada, por non decir desatención, é tal que a situación se pode resumir en que semella que precisamente os gandeiros, dannificados polo comportamento do lobo na búsqueda de sustento, son os que teñen que asumir as consecuencias e coas súas reses os custos de protexer e manter no seu hábitar a esta especie.

Dende o Grupo Municipal Socialista cremos que tanto a protección do lobo como a dos gandeiros e os seus recursos son perfectamente compatibles, precisando dunha implicación responsable, áxil, activa, dilixente e adecuada ás necesidades dunha especie protexida e dun sector produtivo vital por parte da Administración Competente, que neste intre, debe dar resposta a un problema de xeito inmediato pero con solución que atallen o problema no curto prazo e creen as circunstancias para evitar que se produzan no futuro.

É por elo que propoñemos ao pleno a adopción dos seguintes



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Acordos:

- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a que adopte de xeito inmediato as medidas necesarias para controlar e reducir o número de exemplares de lobo que teñen o seu hábitat no territorio de Friol.
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a que habilite os mecanismos necesarios para dispor alimento para o lobo no seu entorno natural, os montes, freando así que se desplace aos lugares nos que hai gando na búsqueda de alimento.
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a habilitar sistemas de control de movemento dos exemplares de lobo no entorno do Concello de Friol con seguimento permanente que permita previr e disuadir ataques do mesmo á cabana gandeira.
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a que reduza e axilice a burocracia para indemnizar aos propietarios de gando afectados por ataques de lobo de xeito que o prazo máximo para recibir a compensación non exceda dos tres meses dende que se produce o ataque e non se dean situación como actualmente onde chegan a agardar anos. A maiores a Xunta de Galicia a que revise as cantidades indemnizatorias por non ser suficientes para paliar as perdas producidas.
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia á posta en marcha dun plan específico de convivencia entre a protección do lobo e a desenvolvemento da actividade agrícola e gandeira no Concello de Friol que garanta aos gandeiros axuda no control da especie e axudas específicas para a adquisición e instalación de medidas de protección fronte o lobo como cercados, cans axeitados, elementos disuasorios, etc.

En Friol a 7 de decembro de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista"

Unha vez exposta a moción polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, o Sr. Alcalde anuncia o voto a favor da mesma polos concelleiros do Grupo Popular, xa que comparten o fin e o contido da mesma.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, di que entón é excusado o debate, xa que está perfectamente recollido o que se pretende, todos están de acordo e a queda por ver que xestións se poden facer para en orde á protección do lobo e o desenvolvemento das labores e aproveitamento da actividade agrícola e gandeira.

Á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, seguidamente procédese á votación.

Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Socialista sobre a adopción de medidas urxentes para frear e paliar os danos producidos polo lobo no Concello de Friol, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

4.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o un de xullo e o trinta de setembro do actual.



5.- INFORMES DA ALCALDÍA. - A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno das seguintes cuestións de interese para o mesmo:

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 24 de outubro do actual, en relación coa cesión en precario de local sito na planta baixa do edificio da antiga casa dos Mestres, á Notaría de Guitiriz (nomeada con carácter provisional) que desexa manter a Notaría aberta ao público e desexa continuar coa cesión do local con carácter provisional.
- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 26 de decembro do actual, polo que se interpón recurso de reposición en relación coa resolución do Director Xeral de AGADER, pola que desestima a solicitude de apertura do período probatorio proposto polo concello, e recoñece o dereito ao cobramento de pagamento final no expediente, en virtude da Resolución do director xeral de AGADER de 14 de decembro de 2015, o que supón a perda parcial da subvención concedida.

Ao respecto, ponse de manifesto que por sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo, ordeouse a retroacción das actuacións, anulando a resolución de AGADER de 5 de febreiro de 2016, desestimatoria do recurso de reposición interposto no seu día polo Concello de Friol. Contra a mesma, o concello interpuxo recurso contencioso administrativo, que foi estimado parcialmente polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela, sentenza núm. 476/2016, que ordea a retroacción das actuacións no expediente, anulando a resolución de 5 de febreiro de 2016.

En execución da sentenza, por AGADER ditouse resolución, pola que deixa sen efecto as resolucións recurridas, e concede trámite de audiencia, para os efectos de que o concello, presente os documentos e xustificacións que considere oportunos. O concello remitiu o acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión de 24 de outubro do actual, alegacións que son desestimadas, polo que a Xunta de Goberno, na sesión de 26 de decembro, acordou a interposición do recurso de reposición.

6.- ROGOS E PREGUNTAS. - A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta.

O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos pregunta a razón pola que non se ten presentado ao Pleno o orzamento para o exercicio de 2017, e se hai algunha data prevista para elo.

O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos fai un rogo, no senso de para evitar situacións como a do outro día, de que non estiveran os decretos dispoñibles por un problema na impresión dos mesmos no papel oficial, se poden remitirse periodicamente por correo electrónico para a consulta dos mesmos, aínda que non estean transcritos ao papel oficial.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

A continuación, polo Sr. Alcalde pásase a dar resposta ás cuestións formuladas polo concelleiro Sr. Santos Ramos. En relación co rogo, responde que se intentará a pronta remisión dos mesmos por correo electrónico, en función do desenvolvemento do traballo do persoal administrativo.

En relación cos orzamentos, di que se trata dunha cuestión técnica, xa que o persoal que elabora os mesmos está a espera da adopción de medidas polo Goberno, en orde a facer algunhas previsións mais axeitadas e evitar facer modificacións. Engade que está prevista a presentación dos mesmos ao Pleno, a mediados ou finais de xaneiro.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, e despois de desexar unhas felices festas e un bo ano 2017, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e coarenta minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do concello, redacto a presente acta e dou fe.